

DOMINGO XIII ORDINARIO (C)

PRIMEIRA LECTURA 1 Re 19, 16b. 19-21

Lectura do libro primeiro dos Reis

Naqueles días, o Señor díxolle a Elías: - Unxe por profeta, teu sucesor, a Eliseo, fillo de Xafat, de Abel Meholah. Elías marchou de alí e encontrouse con Eliseo, fillo de Xafat, que estaba labrando con doce xuntas de bois e levaba el mesmo a derradeira. Elías pasou a carón del e botoulle enriba o seu manto. Eliseo deixou ó momento os bois e foi correndo atrás de Elías, e díxolle: - Déixame despedirme de meu pai e de miña nai, e logo ireime contigo.

El respondeulle: - Vai, pero volve, pois xa ve-lo que fixen contigo. Cando estivo de volta, Eliseo colleu a xunta de bois e ofreceunos en sacrificio. Cos apeiros de labrar coceu a carne e deulle á xente de comer. Despois ergueuse, marchou seguindo a Elías e quedou ó seu servicio.

SALMO RESPONSORIAL Sal 15, 1-2a e 5. 7-8. 9-10. 11

R/. (cf. 5a): **Ti es, Señor, a miña herdade.**

Gárdame, Deus, que en ti busco agarimo.

Eu declaro ó Señor: Ti e-lo meu dono,

Ti es, Señor, a porción da miña herdade e do meu cáliz,
está nas túas mans o meu porvir.

Bendigo o Señor que me aconsella,
e ata de noite me ensina no meu íntimo.

Teño sempre presente o Señor,
con el ó meu lado non vou vacilar.

Por iso o meu corazón está contento,
as miñas entrañas reloucan
e o meu corpo descansa seguro,
pois non abandonarás no abismo a miña vida,
nin deixarás que o teu santo vexa a corrupción.

Has amosarme camiños de vida,
has encherme onda ti de ledicia,
de gozo sen fin ó teu lado.

SEGUNDA LECTURA Gal 5, 1. 13-18

Lectura da carta do Apóstolo San paulo ós Galatas

Irmáns: Para vivirmos en liberdade liberounos Cristo. ¡Estádeme, logo, ben firmes nel! ¡Que non vos canguen outra vez o xugo da escravitude! A vós chamáronvos á liberdade. ¡Pero coidadiño con servir ós baixos instintos co gallo da liberdade! Habédesme ser escravos uns dos outros mediante o amor.

Porque toda a Lei está completa neste precepto: Amara-lo teu próximo coma a ti mesmo. Pero, se vos adentades e devorades, levade tento de non acabardes uns cos outros. Quérovos dicir que vivades conforme o Espírito e que non satisfagáde-los degoros da concupiscencia. Porque os baixos instintos cobizan contra o Espírito e o Espírito contra os baixos instintos: opóñense de tal xeito entre eles, que non facéde-lo que de verdade queredes. Mais, se vos guiades polo Espírito, daquela xa non estades baixo a Lei.

EVANXEO Lc 9, 51-62

Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas

Naquel tempo, cando se ía cumprilo tempo de que levantasen a Xesús deste mundo, decidiu en firme ir a Xerusalén. Mandou mensaxeiros por diante. Entrando estes nunha aldea de samaritanos, para lle prepararen pousada, non o recibiron, porque lle coñeceron que ían cara a Xerusalén. Ó veren isto, os discípulos Santiago e Xoán dixeron: - Señor, ¿queres que digamos que baixe do ceo un raio que os parta?

Pero el volveuse e rifoulles. E foron para outra aldea. Polo camiño, díxolle un: - Seguireite, vaias onde vaias. Respondeulle Xesús: - As raposas teñen tobeiras, e os paxaros teñen niños; pero o Fillo do Home non ten onde pousa-la cabeza. Díxolle a outro: - Sígueme.

Pero el contestoulle: - Déixame ir primeiro enterrar a meu pai. Respondeulle: - Deixa que os mortos enterren os seus mortos: ti vai anuncia-lo Reino de Deus. Outro díxolle tamén: - Señor, seguireite, pero deixa que primeiro me despida da miña familia. Contestoulle: - Quen despois de pó-la man no arado, mira para atrás, non é apto para o Reino de Deus.